

Curso POO PHP Extensiones

Extensiones

Coa distribución de PHP inclúense varias extensións. O directorio no que figuran as extensións configúrase no ficheiro php.ini mediante a directiva **extension_dir**.

```
extension_dir = "\xampp\php\ext"
```

Para poder usar as funcións dunha extensión, tes que asegurarte de activala mediante o uso dunha directiva **extension** no ficheiro php.ini.

Moitas outras extensións non se inclúen con PHP e antes de poder utilizalas tes que descargalas. Para obter extensións para a linguaxe PHP podes utilizar **PECL (PHP Extension Community Library)**. PECL é un repositorio de extensións para PHP. Xunto con PHP inclúese un comando **pecl** que podes utilizar para instalar extensións de forma sinxela:

```
pecl install nome_extensión
```

Outra opción é empregar o repositorio de extensións **PEAR (PHP Extension and Application Repository)**. A principal diferenza entre PECL e PEAR é que o primeiro contén extensións desenvolvidas na linguaxe C que poden ser empregadas dende PHP, e o segundo contén extensións en código PHP que podes incluír nas túas aplicacións.

Para instalar unha extensión dende PEAR terás que facer:

```
pear install nome_extensión
```

E posteriormente para empregala na aplicación, terás que incluíla do mesmo xeito que calquera outro arquivo con código PHP, facendo referencia á súa ubicación, por exemplo:

```
require_once "Net/POP3.php";
```

--Victor Lourido 12:56 15 jul 2013 (CEST)